

Os socialistas de Vilalba consideran que o estado dos contedores soterrados indica o desprezo do Goberno local polo medio ambiente

Consideran que “están a seguir o mesmo camiño que a Planta de Residuos de Construcción e Demolición, é dicir, o camiño do abandono e do saqueo”

Dado “o acusado deterioro” que presentan, critican a “deixadez” do equipo de goberno, que “segue a desprezar o mantemento do uso das infraestruturas construídas con fondos públicos”. Neste caso, subraian, “estamos a falar de máis de 70.000 euros”

VILALBA, 6 DE FEBREIRO DE 2015.- Os socialistas de Vilalba consideran que o estado dos colectores de lixo soterrados indica o desprezo que o Goberno local ten polo medio ambiente, pois “están a seguir o mesmo camiño que a Planta de Residuos de Construcción e Demolición, é dicir, o camiño do abandono e do saqueo”.

Os seis contedores, situados en pleno centro da vila, no cruce da rúa Conde Pallares coa Praza de Suso Gayoso, estaban destinados a suavizar o impacto visual dos colectores habituais, así como a imaxe do casco urbano no contorno inmediato do Parador de Turismo. Tal é así, que tres foron instalados para a recollida de residuos sólidos urbanos, un para plásticos e bricks, outro para vidro e outro para papel cartón. Na actualidade, presentan “un acusado deterioro”, debido, segundo indican os socialistas, á “deixadez” do equipo de goberno, que “segue a desprezar o mantemento do uso das infraestruturas construídas con fondos públicos”. Neste caso, subraian, “estamos a falar de máis de 70.000 euros. Sería outro cantar se puidera privatizar o seu uso...”, engaden.

A deplorable imaxe que dan para a localidade é visible e notoria. Por iso, consideran que “se se trasladaran dende a pequena pantalla ao sector municipal vilalbés os premios Gerardos, que se conceden aos profesionais que teñen demostrado a maior incapacidade e incompetencia no seu traballo, sen dúbida que o primeiro posto, sería outorgado por unanimidade a Jesús Bermúdez, concelleiro de Medio Ambiente”.